



Concello de Meaño

EXP. 774/2025

Asunto: AMPLIACIÓN DO PRAZO DE XUSTIFICACIÓN DAS AXUDAS MUNICIPAIS PARA A ADQUISICIÓN DE MATERIAL E EQUIPAMENTO ESCOLAR PARA ALUMNOS/AS DE INFANTIL (2ª ETAPA), EDUCACIÓN PRIMARIA, SECUNDARIA OBRIGATORIA, FP BÁSICA E EDUCACIÓN ESPECIAL, EMPADROADOS NO CONCELLO DE MEAÑO E MATRICULADOS EN CENTROS DOCENTES PÚBLICOS CURSO 2025-2026.

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Vistas as peticións formuladas ao abeiro das Bases reguladoras para a concesión de Axudas para adquisición e equipamento escolar para alumnado de infantil (2ª etapa), educación primaria, secundaria obrigatoria, FP Básica e educación especial curso 2025-2026, aprobadas pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 8 de setembro de 2025, publicado o texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia, nº 174, de data 12 de setembro de 2025, na páxina web do Concello de Meaño, na Base Nacional de Subvencións e o extracto da convocatoria no BOPP nº 177 de data 17 de setembro de 2025.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes o día 15 de outubro e visto o informe de data 12/11/2025 das instrutoras do procedemento, a educadora familiar e a informadora xuvenil, a Comisión Informativa Permanente de Asuntos Sociais e Igualdade, ditaminou favorablemente a proposta da Alcaldía de concesión de axudas.

Segundo se establece nas Bases reguladoras para a concesión de Axudas para adquisición e equipamento escolar para alumnado de infantil (2ª etapa), educación primaria, secundaria obrigatoria, FP Básica e educación especial curso 2025-2026 (Base nº 14): “2.- O prazo de presentación da xustificación rematará o 10 de Novembro de 2025”.

Visto que si ben dito prazo foi ampliado ate o 1/12/2025 por resolución da Alcaldía de 10/11/2025 (nº 2025-0789), e estando próximo a rematar o mesmo, é preciso proceder a unha nova ampliación, polo que esta Alcaldía **RESOLVE**:

1º.- Avocar de xeito puntual e para esta resolución a competencia para a “Aprobación de bases reguladoras de axudas e subvencións municipais nos termos regulados nas Bases de Execución do Orzamento. Recoñecemento da obriga á vista das xustificacións presentadas, segundo as Bases de Execución do orzamento e as bases das convocatorias” delegada na Xunta de Goberno Local por Resolución da Alcaldía de 30/06/2023 (n.º 2023-0427)

2º.- Ampliar o prazo de presentación da xustificacións que rematará o 10 de decembro de 2025

3º.- Notificar a presente resolución aos interesados, lembrando a necesidade de dar cumprimento as obrigas recollidas na base 13ª que a continuación se transcriben:

“A concesión da axuda comporta, ademais das obrigas previstas nestas Bases e das sinaladas no artigo 11 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, as seguintes:

1.Seguir as directrices que marcan as bases da convocatoria e destinar o importe da axuda na súa integridade á adquisición do material escolar propios do curso académico para o cal se solicitou a axuda, segundo a relación que para tal efecto teña publicado o centro onde estea matriculado o alumnado.





Concello de Meaño

2.Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, achegando tanta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

3.Comunicar ao Concello de Meaño a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza.

4.Procederase de ser o caso ao reintegro dos fondos percibidos, segundo o procedemento establece no artigo 38 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

O Concello de Meaño poderá en calquera momento do procedemento do expediente administrativo da subvención solicitar maior información ou verificar calquera aspecto relacionado coa solicitude subvencionada”

4º.- Dar conta da presente resolución á Xunta de Goberno Local na seguinte sesión que se celebre.

Mándao e asínao o alcalde, na data indicada na marxe, do que como secretario da corporación dou fe, aos exclusivos efectos do disposto no artigo 3.2 letra “e” do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo

